



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2025

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 25 de xaneiro de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona Isabel María Toja (BNG)

Don Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Don Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asiste:
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)

Aberta a sesión pola Presidencia e antes de proceder o análise dos puntos incluídos na Orde do Día, intervéñen o concelleiro do Grupo Mixto, representante de UNIDAS PODEMOS, Don Fernando del Moral Regaldíe preguntando o motivo polo que non se incluíron na Orde do Día as mocións presentadas polo seu grupo.

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns manifesta que o motivo de non incluílas na Orde do Día foi porque foron presentadas a última hora e que non deron tempo de revisalas por Secretaría.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 26/09/2024, 28/11/2024 E 13/01/2025. Expte. núm. 2025/G006/000002.

Dase conta dos borradores das actas das sesións anteriores de datas 26/09/2024, 28/11/2024 e 13/01/2025, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Non habendo intervencións, sométense a votación os borradores de datas 26/09/2024, 28/11/2024 e 13/01/2025, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Quedan por tanto, aprobados os borradores do pleno de datas 26/09/2024, 28/11/2024 e 13/01/2025.

2.- APROBACIÓN DA CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPTE. OFI 1/2025, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL E PAGO DE FACTURAS. Expte. núm. Expte. núm. 2025/X998/000023.

Dase conta da seguinte proposta:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

"PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 1/2025 , RECOÑECIMIENTO E PAGO DE FACTURAS. EXP. Nº: 2025/X998/000023

Visto que o servizo de axuda no fogar é esencial e básico para a poboación, o que conleva a necesaria continuidade do mesmo a pesar de que debería licitarse un novo contrato.

Considerando esta circunstancia, esta Alcaldía ordeou ao departamento de Servizos Sociais para a redacción dos pregos de condicións técnicas que servirán de base para dita contratación. É preciso indicar que esta tarefa debe compatibilizarse co traballo diario de xestión e atención ao público do departamento de Servizos Sociais, circunstancia que se ve agravada nestes momentos pola falta de persoal do propio servizo, o que xustifica a demora na tramitación de dito expediente de contratación. Sin perxuizo do anterior, procedíuse a apertura do expediente administrativo e espérase que en breve tempo se proceda a aprobación do expediente de contratación.

É polo anterior, polo que a empresa Senes Cit S.L. continúa coa prestación do servizo e polo que esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación aprobación do expediente nº 2025/X998/000023 para a convalidación da omisión da función interventora do expediente OFI Nº 1/2025.

ANTECEDENTES:

Proposta de alcaldía de data 22/01/2025.

Solicitud de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 22/01/2025.

Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 22/01/2025.

Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 23/01/2025, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.

NORMATIVA APLICABLE:

- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local

CONSIDERACIÓNS:

1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.

Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.

A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.

1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

De conformidade co Informe de intervención de data 23/01/2025 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.

3.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuizo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 22/01/2025.

Por outra banda, de acordo ao previsto no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.

Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Partida
F/2024/1764	19/12/2024	01 232	19/12/2024	3099,25	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. NOVENBRO 2024	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD
F/2024/1765	19/12/2024	01 231	19/12/2024	28701,95	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. NOVENBRO 2024 / HORAS EN DIAS LABORAIS / HORAS EN DIAS FESTIVOS, DOMINGOS	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD
F/2025/33	13/01/2025	01 240	13/01/2025	28540,34	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. DECEMBRO 2024	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD 2024/3/ DICOV
F/2025/34	13/01/2025	01 242	13/01/2025	2887,5	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIón SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. DECEMBRO 2024	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar."

O alcalde, Don Francisco Charlín Oróns explica brevemente o expediente e manifesta que se trata de facturas de novembro e decembro do servizo de axuda no fogar (SAF).

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS manifesta que non ten nada novo que engadir ao manifestado nos anteriores acordos de OFI.

Don Francisco José Vidal Castro, concelleiro do Grupo Mixto e representante de PsdeG PSOE manifesta que lle parece excesivo o tempo transcorrido dendo 2018 e indica que no informe xustificativo de Alcaldía, o alcalde manifesta que o traballo está efectuado a satisfacción da Alcaldía, que entende que está baseado no informe da traballadora social.

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG manifesta que ten a mesma postura de sempre e que ao tratarse dun reparo e tendo en conta que o PP cando estaba na oposición votaba sempre en contra, o seu grupo tamén o vai facer.

O alcalde indica que se está traballando nos pregos para a nova licitación.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

VOTOS EN CONTRA: 4 [2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) e 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)]

ABSTENCIÓNS: 0

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 11/02/2025 14:47:00) , Francisco Charlin Orons (FECHA: 17/02/2025 13:37:00)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer as obrigas correspondentes á seguinte relación de facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Partida
F/2024/1764	19/12/2024	01 232	19/12/2024	3099,25	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. NOVIEMBRE 2024	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD
F/2024/1765	19/12/2024	01 231	19/12/2024	28701,95	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. NOVIEMBRE 2024 / HORAS EN DÍAS LABORAIS / HORAS EN DÍAS FESTIVOS, DOMINGOS	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD
F/2025/33	13/01/2025	01 240	13/01/2025	28540,34	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. DICIEMBRE 2024	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD 2024/3/ DICOV
F/2025/34	13/01/2025	01 242	13/01/2025	2887,5	CO	B15724719	SENES CIT SL	PRESTACIóN SERVICIO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. DICIEMBRE 2024	2025 231 22799 2024/3/ SSSAD

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

3.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. Expte. núm. 2024/G013/000005.

Dase lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA A PLENO

Asunto: modificación ordenanza fiscal taxa expedición de documentos administrativos.

Expte. núm.:2024/G013/000005

Este concello dispón dunha ordenanza fiscal (nº5) reguladora da taxa pola prestación de documentos administrativos que está en vigor dende o primeiro de xaneiro de 1999 e que recentemente foi modificada no seu artigo 5 e 7, quedando o resto do articulado coa redacción orixinaria.

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello considera oportuno e necesario actualizar outros artigos da ordenanza, en concreto o artigo 10, Declaración de ingreso, para a súa adaptación as circunstancias actuais, así como o reaxuste da numeración dos artigos recollidos da Lei Xeral Tributaria, para adaptalos as distintas modificacións da normativa.

Visto o exposto anteriormente, e considerando que non se impoñen obrigas relevantes, propónse que a Ordenanza fiscal núm. 5 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, quede coa seguinte redacción:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1. Fundamentos e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto nos



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, aténdose as súas normas ó previsto no artigo 20.1.b) e 20.4.a) do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2. Feito impositivo.

1.- Constitúe o feito impositivo da taxa a actividade administrativa desenvolvida como motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou que entendan a Administración ou as autoridades municipais.

2.- A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que se provocara polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa polo interesado.

3.- Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal.

Artigo 3. Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen, ou que redunde no seu interese a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4. Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen, ou que redunde no seu interese a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Derogado.

Artigo 6. Cota tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2.- A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.- As cotas resultantes por aplicación da anterior tarifa incrementaranse nun 50 por 100 canto os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 7.- Tarifas.

Epígrafe 1. Certificados e informes:

1.1.- Certificacións de resolucións ou acordos municipais:

1.1.1.- Relativas ao último trienio: 4,00 euros.

1.1.2.- Anteriores ao último trienio: 8,00 euros.

1.1.3.- Anteriores a 1 de xaneiro de 1996: 10,00 euros

1.2.- Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais: 25,00 euros.

1.3.- Certificados ou volantes de empadramento:

1.3.1.- Anteriores a 01/05/1996: 3,00 euros.

1.3.2.- Posteriores a 01/05/1996: 2,00 euros.

1.4.- Informes de convivencia ou residencia: 1,00 euros.

1.5.- Outros informes ou certificados sen necesidade de informe técnico: 3,00 euros.

Epígrafe 2. Documentos e expedientes relativos a servizos de urbanismo:

2.1.- Por tramitación de expediente de declaración de ruína: 120,00 euros.

2.2.- Certificacións ou informes de cualificación ou clasificación urbanística: 30,00 euros.

2.3.- Por tramitación de expediente de actos de uso do solo ou subsolo suxeito a licenza: 20,00 euros.

2.4.- Por tramitación de expediente suxeitos a intervención municipal de comunicación previa: 5,00 euros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

- 2.5.- Por tramitación de expediente acreditativo da antigüidade das edificacións ou sobre incoación ou non de expediente de reposición de legalidade ou sancionador: 30,00 euros.
- 2.6.- Por tramitación de expediente de segregación, parcelación, agrupación e declaración de innecesariedade: 30,00 euros por parcela resultante ou previa á agrupación (non se computarán as parcelas resultantes destinadas a viais de cesión obrigatoria).
- 2.7.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable: 5,00 euros
- 2.8.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a: autorización ambiental integrada, avaliación de impacto ambiental, avaliación de incidencia ambiental ou as suxeitas a normativa de espectáculo públicos e actividades recreativas: 15,00 euros.
- 2.9.- Tramitación de expedientes de prorrogas de licenzas: 10,00 euros.
- 2.10.- Tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico:
- 2.10.1- Ámbitos con superficie de actuación <10.000m²: 600 €
 - 2.10.2- Ámbitos con superficie de actuación >10.000m²: 1.000 €
 - 2.10.3- Estudos de detalle: 150 €
- 2.11.- Expedientes de investigación de bens: 30,00€
- Epígrafe 3. Documentos e expedientes relativos a servizos de contratación e concesións demaniais:
- 3.1.- Devolución de garantías constituídas por mor de calquera licitación municipal, por cada acto: 18,00 euros.
- 3.2.- Por formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 40,00 euros.
- Epígrafe 4. Dereitos de exame:
- 4.1.- Prazas do Grupo A1/A2/B ou asimiladas: 15,00€
- 4.2.- Outras prazas: 5,00€
- Epígrafe 5. Por copias de documentos illados dun expediente administrativo ou expediente completo.
- 5.1.- Copia de expediente completo: 70,00 €
- 5.2.- Copia de cada documento: 5,00€
- Epígrafe 6. Tarifa reducida.
- Aplicarase unha tarifa reducida do 75% a aqueles contribuíntes nos que concorran algunha das seguintes circunstancias, debidamente acreditadas, a través da certificación correspondente outorgada polo departamento de Servizos Sociais:
- a.) Persoas en risco de exclusión social
 - b.) Obte-lo beneficio de xustiza gratuita, no que respecta ós documentos administrativos que orixinen o devengo da taxa que estean directamente relacionados no procedemento xudicial no que se declara o dereito.
- Artigo 8.- Bonificacións da cota.
- Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.
- Artigo 9.- Devengo.
- 1.- Devégase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo, que non se realizará sen que se efectúe o pago correspondente.
- 2.- Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teña lugar nas circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.
- Artigo 10.- Declaración de ingreso.
1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e no suposto de que o expediente se inicie de oficio, mediante a liquidación practicada pola administración.
- Os/as interesados/as na expedición dun documento administrativo ou na tramitación dun dos expedientes suxeitos a taxa presentarán, xunto coa solicitude, a acreditación de ter efectuado o ingreso que corresponda no impreso de autoliquidación debidamente cumprimentado.
2. Os escritos presentados persoalmente no Rexistro de Entrada do Concello e os recibidos polos condutos aos que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente mais non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para esta finalidade requirirase ao interesado para que, no prazo de dez días abone as cotas correspondentes e así o acredite ante o Concello, co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Artigo 11.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos **183** e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza derroga a aprobada polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 19/10/1998, así como as posteriores modificacións aprobadas polo mesmo órgano.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Considerando a tramitación seguida, e en uso das atribucións conferidas pola normativa de réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, quedando redactada como segue:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1. Fundamentos e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, aténdose as súas normas ó previsto no artigo 20.1.b) e 20.4.a) do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2. Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida como motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou que entendan a Administración ou as autoridades municipais.

2.- A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que se provocara polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa polo interesado.

3.- Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal.

Artigo 3. Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen, ou que redunde no seu interese a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4. Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen, ou que redunde no seu interese a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Derogado.

Artigo 6. Cota tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo ca tarifa que contén o artigo seguinte.

2.- A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.- As cotas resultantes por aplicación da anterior tarifa incrementaranse nun 50 por 100 canto os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 7.- Tarifas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Epígrafe 1. Certificados e informes:

- 1.1.- Certificacións de resolucións ou acordos municipais:
 - 1.1.1.- Relativas ao último trienio: 4,00 euros.
 - 1.1.2.- Anteriores ao último trienio: 8,00 euros.
 - 1.1.3.- Anteriores a 1 de xaneiro de 1996: 10,00 euros
- 1.2.- Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais: 25,00 euros.
- 1.3.- Certificados ou volantes de empadramento:
 - 1.3.1.- Anteriores a 01/05/1996: 3,00 euros.
 - 1.3.2.- Posteriores a 01/05/1996: 2,00 euros.
- 1.4.- Informes de convivencia ou residencia: 1,00 euros.
- 1.5.- Outros informes ou certificados sen necesidade de informe técnico: 3,00 euros.

Epígrafe 2. Documentos e expedientes relativos a servizos de urbanismo:

- 2.1.- Por tramitación de expediente de declaración de ruína: 120,00 euros.
- 2.2.- Certificacións ou informes de cualificación ou clasificación urbanística: 30,00 euros.
- 2.3.- Por tramitación de expediente de actos de uso do solo ou subsolo suxeito a licencia: 20,00 euros.
- 2.4.- Por tramitación de expediente suxeitos a intervención municipal de comunicación previa: 5,00 euros.
- 2.5.- Por tramitación de expediente acreditativo da antigüidade das edificacións ou sobre incoación ou non de expediente de reposición de legalidade ou sancionador: 30,00 euros.
- 2.6.- Por tramitación de expediente de segregación, parcelación, agrupación e declaración de innecesariedade: 30,00 euros por parcela resultante ou previa á agrupación (non se computarán as parcelas resultantes destinadas a viais de cesión obrigatoria).
- 2.7.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable: 5,00 euros
- 2.8.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a: autorización ambiental integrada, avaliación de impacto ambiental, avaliación de incidencia ambiental ou as suxeitas a normativa de espectáculo públicos e actividades recreativas: 15,00 euros.
- 2.9.- Tramitación de expedientes de prorrogas de licenzas: 10,00 euros.
- 2.10.- Tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico:
 - 2.10.1.- Ámbitos con superficie de actuación <10.000m²: 600 €
 - 2.10.2.- Ámbitos con superficie de actuación >10.000m²: 1.000 €
 - 2.10.3.- Estudos de detalle: 150 €
- 2.11.- Expedientes de investigación de bens: 30,00€

Epígrafe 3. Documentos e expedientes relativos a servizos de contratación e concesións demaniais:

- 3.1.- Devolución de garantías constituídas por mor de calquera licitación municipal, por cada acto: 18,00 euros.
- 3.2.- Por formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 40,00 euros.

Epígrafe 4. Dereitos de exame:

- 4.1.- Prazas do Grupo A1/A2/B ou asimiladas: 15,00€
- 4.2.- Outras prazas: 5,00€

Epígrafe 5. Por copias de documentos illados dun expediente administrativo ou expediente completo.

- 5.1.- Copia de expediente completo: 70,00 €
- 5.2.- Copia de cada documento: 5,00€

Epígrafe 6. Tarifa reducida.

Aplicarase unha tarifa reducida do 75% a aqueles contribuíntes nos que concorran algunha das seguintes circunstancias, debidamente acreditadas, a través da certificación correspondente outorgada polo departamento de Servizos Sociais:

- a.) Persoas en risco de exclusión social
- b.) Obte-lo beneficio de xustiza gratuíta, no que respecta ós documentos administrativos que orixinen o devengo da taxa que estean directamente relacionados no procedemento xudicial no que se declara o dereito.

Artigo 8.- Bonificacións da cota.

Non se concederá bonificación ningunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

Artigo 9.- Devengo.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

1.-Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ó tributo, que non se realizará sen que se efectúe o pago correspondente.

2.- Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º, o devengo prodúcese cando teña lugar nas circunstancias que provean a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10.- Declaración de ingreso.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, e no suposto de que o expediente se inicie de oficio, mediante a liquidación practicada pola administración.

Os/as interesados/as na expedición dun documento administrativo ou na tramitación dun dos expedientes suxeitos a taxa presentarán, xunto coa solicitude, a acreditación de ter efectuado o ingreso que corresponda no impreso de autoliquidación debidamente cumprimentado.

2. Os escritos presentados persoalmente no Rexistro de Entrada do Concello e os recibidos polos condutos aos que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente mais non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, para esta finalidade requirírase ao interesado para que, no prazo de dez días abone as cotas correspondentes e así o acredite ante o Concello, co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

Artigo 11.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza derroga a aprobada polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 19/10/1998, así como as posteriores modificacións aprobadas polo mesmo órgano.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: www.concellodelaxe.com.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto."

Intervén o alcalde explicando brevemente o expediente.

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro do Grupo Mixto e representante de UNIDAS PODEMOS manifesta que vai votar en contra por ser coherente coa súa postura na aprobación da ordenanza fiscal.

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG manifesta o seu voto a favor.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [(6 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Daniel Mata Martínez, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo) 2 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal Nº 5 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, quedando redactada como segue:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

ORDENANZA FISCAL NÚM. 5 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1. Fundamentos e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, aténdose as súas normas ó previsto no artigo 20.1.b) e 20.4.a) do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 2. Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida como motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida ou que entendan a Administración ou as autoridades municipais.

2.- A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que se provocara polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa polo interesado.

3.- Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización ou o aproveitamento especial de bens de dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal.

Artigo 3. Suxeitos Pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen, ou que redunde no seu interese a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4. Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen, ou que redunde no seu interese a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

2.- Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebradas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Derogado.

Artigo 6. Cota tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo ca tarifa que contén o artigo seguinte.

2.- A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

3.- As cotas resultantes por aplicación da anterior tarifa incrementaranse nun 50 por 100 canto os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

Artigo 7.- Tarifas.

Epígrafe 1. Certificados e informes:

1.1.- Certificacións de resolucións ou acordos municipais:

1.1.1.- Relativas ao último trienio: 4,00 euros.

1.1.2.- Anteriores ao último trienio: 8,00 euros.

1.1.3.- Anteriores a 1 de xaneiro de 1996: 10,00 euros

1.2.- Certificacións de informes emitidos por técnicos municipais: 25,00 euros.

1.3.- Certificados ou volantes de empadramento:

1.3.1.- Anteriores a 01/05/1996: 3,00 euros.

1.3.2.- Posteriores a 01/05/1996: 2,00 euros.

1.4.- Informes de convivencia ou residencia: 1,00 euros.

1.5.- Outros informes ou certificados sen necesidade de informe técnico: 3,00 euros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Epígrafe 2. Documentos e expedientes relativos a servizos de urbanismo:

- 2.1.- Por tramitación de expediente de declaración de ruína: 120,00 euros.
- 2.2.- Certificacións ou informes de cualificación ou clasificación urbanística: 30,00 euros.
- 2.3.- Por tramitación de expediente de actos de uso do solo ou subsolo suxeito a licencia: 20,00 euros.
- 2.4.- Por tramitación de expediente suxeitos a intervención municipal de comunicación previa: 5,00 euros.
- 2.5.- Por tramitación de expediente acreditativo da antigüidade das edificacións ou sobre incoación ou non de expediente de reposición de legalidade ou sancionador: 30,00 euros.
- 2.6.- Por tramitación de expediente de segregación, parcelación, agrupación e declaración de innecesariedade: 30,00 euros por parcela resultante ou previa á agrupación (non se computarán as parcelas resultantes destinadas a vías de cesión obrigatoria).
- 2.7.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a comunicación previa ou declaración responsable: 5,00 euros
- 2.8.- Tramitación de expedientes de actividades suxeitos a: autorización ambiental integrada, avaliación de impacto ambiental, avaliación de incidencia ambiental ou as suxeitas a normativa de espectáculo públicos e actividades recreativas: 15,00 euros.
- 2.9.- Tramitación de expedientes de prorrogas de licenzas: 10,00 euros.
- 2.10.- Tramitación de expedientes de desenvolvemento urbanístico:
 - 2.10.1.- Ámbitos con superficie de actuación <10.000m²: 600 €
 - 2.10.2.- Ámbitos con superficie de actuación >10.000m²: 1.000 €
 - 2.10.3.- Estudos de detalle: 150 €
- 2.11.- Expedientes de investigación de bens: 30,00€

Epígrafe 3. Documentos e expedientes relativos a servizos de contratación e concesións demaniais:

- 3.1.- Devolución de garantías constituídas por mor de calquera licitación municipal, por cada acto: 18,00 euros.
